

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0017	Habilidades sociais	2024/2025	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA GÁNDARA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Todos os contidos e actividades de ensinanza-aprendizaxe especificados en dito deseño curricular van encamiñados a que o alumnado, futuras persoas Técnicas Superiores en Educación Infantil, obteñan a cualificación profesional no campo da actividade produtiva na prestación de servizos de atención á infancia principalmente desenvolta nos seguintes ámbitos do mercado:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

A natureza do módulo é a transversalidade, amplía e complementa as competencias técnicas nunha profesión relacionado co contacto e relacións entre as persoas. Concretamente, o módulo de Habilidades sociais mellorará a capacidades intra e interpersonais para a xestión comunicativa, as capacidades de traballo en grupo, a organización das reunións, toma de decisións ea xestión dos conflitos.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	As habilidades sociais e comunicación	Afondarase sobre o concepto das habilidades sociais a Intelixencia social, emocional e a comunicación.	50	33
2	Grupos e dinámicas de grupos	Afondarase sobre o concepto de grupo, composición e evolución dos mesmos e traballarase as dinámicas de grupo.	50	34
3	Reunións, resolución de conflitos e entrenamento da competencia social	Afondarase no proceso de deseño e execución de reunións, no proceso de resolución de conflitos e no entrenamento das competencias sociais.	47	33

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	As habilidades sociais e comunicación	50

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.	SI
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.	NO
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	NO
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.
CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.
CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.
CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.
CA1.8 Demostrouse interese por non vulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.
CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.
CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas.
CA3.5 Descríbense os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución.

Criterios de avaliación
CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.
CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.
CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Relacións interpersoais e percepción social.</p> <p>Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación.</p> <p>Identificación da tipoloxía das persoas participantes nunha reunión.</p> <p>Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais.</p> <p>Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.</p> <p>Recollida de datos: técnicas.</p> <p>Avaliación da competencia social.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Grupos e dinámicas de grupos	50

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.	NO
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	NO
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA3.7 Descríbiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.
CA3.8 Aplicáronse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.
CA4.3 Identificáronse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.
CA4.4 Descríbense as fases do proceso de toma de decisións.
CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.
CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.
CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
0Programas e técnicas de comunicación e habilidades sociais. escoita activa, empatía, asertividade e autocontrol.
Intervencións en público: materiais de apoio.
Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación.
Habilidades sociais, competencia social e conceptos afíns.
Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal.
Valoración comunicativa do contexto: facilitadores e obstáculos na comunicación.
Valoración da importancia das actitudes na relación de axuda.
Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos.
Mecanismos de defensa.
Tipoloxía e características dos grupos. Desenvolvemento grupal.
0A confianza no grupo.
Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.
Análise da estrutura e dos procesos de grupos.
Técnicas para a análise de grupos.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.
Dinámicas de grupo. Fundamentos psicossociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.
Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.
Detección e análise de problemas no traballo en equipo.

Contidos
<p>Traballo individual e traballo en grupo.</p> <p>Técnicas de moderación de reunións.</p> <p>Análise de factores que afectan ao comportamento dun grupo: boicot e colaboración.</p> <p>Valoración do conflito nas dinámicas grupais.</p> <p>Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.</p> <p>Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.</p> <p>Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Reunións, resolución de conflitos e entramento da competencia social	47

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	NO
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.	NO
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	NO
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.

Criterios de avaliación
CA2.5 Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal.
CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.
CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.
CA3.1 Descríbóronse os tipos de reunión e as funcións.
CA3.2 Descríbóronse as etapas do desenvolvemento dunha reunión.
CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.
CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.
CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.
CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.
CA4.2 Descríbóronse as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.
CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.
CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.
CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.



#### 4.3.e) Contidos

Contidos
A reunión como forma de traballo en grupo.
Tipos de reunións e funcións.
Etapas no desenvolvemento dunha reunión: preparación, inicio, desenvolvemento e finalización.
Análise de técnicas de resolución de problemas.
Proceso de toma de decisións.
Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.
Sociometría básica.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.

#### 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Como a programación do módulo se simplifica en 3 unidades didácticas (UD), a avaliación realizarase por UD. Todas as UD terán o mesmo peso específico (33,3%) na cualificación final do módulo (no apartado correspondente da programación indícase 33%, 34% e 33% debido a que non se poden empregar decimais). Para acadar a avaliación positiva do módulo será preciso obter unha avaliación positiva, que corresponde á metade da puntuación asignada a cada proba, en cada unha das probas de avaliación. O alumnado terá que ter presentados tódolos traballos para poder sumar esta nota a do exame.

Os traballos de ampliación propostos poderán sumar á nota global acadada en cada avaliación e na final.

Para avaliar as UD realizaranse diferentes tipos de proba/tarefa, especificadas no deseño das UD desta programación e utilizadas para certificar a adquisición dos criterios de avaliación por parte do alumnado.

Nestas probas ponderarase o peso específico de cada criterio no global da UD, obtendo a cualificación de cada UD. As probas serán adaptadas ás características do grupo e ás súas necesidades, polo que pode variar o tipo de proba.

Estas probas, especificadas no deseño das UD, son de diversa tipoloxía (teóricas, prácticas, teórico-prácticas, grupais, individuais, etc.). A cualificación negativa (menos dun catro), dalgunha destas probas significará a non superación dos mínimos exigibles correspondentes á UD e polo tanto, a avaliación negativa da UD. Do mesmo xeito, a non realización dalgunha destas probas no tempo estipulado, considerárase como avaliación negativa (salvo xustificación oficial e admitida).

Nestas probas valorarase a adecuación ao solicitado na tarefa, ao nivel de complexidade e afondamento, á coherencia en estrutura e contidos do traballo, á claridade expositiva e aos recursos técnicos empregados, tanto nas presentacións escritas coma orais. Inclúense neste apartado:

- Os traballos individuais realizados: valorarase a creatividade e innovación no formato, a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións persoais fundamentadas, o

cumprimento dos prazos de entrega, redacción e coherencia, ortografía, contido e presentación. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula, a orixinalidade na exposición e o contido fundamentado da mesma.

- Os traballos grupais realizados: valorarase a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións grupais fundamentadas. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula, a orixinalidade na elaboración e exposición, o contido fundamentado da mesma e a implicación de todos/as os/as membros do grupo. Se as tarefas se distribuíron equitativamente, si cada un se responsabilizou activamente do seu traballo, si se fixeron postas en común para que o traballo resulte coherente, si se resolveron os problemas que puideran xurdir, etc. A avaliación das probas/tarefas grupais pode ser realizada de xeito individual sendo a cualificación de cada alumna/o diferente. Estas probas poden aportar datos recollidos, pero sempre serán reafirmadas nunha reflexión individual.

A cualificación final, unha vez superadas de xeito positivo todas as probas/tarefas de cada UD. Realizarase a suma da nota obtida en traballos e exames, e a nota final será a media das cualificacións de todas as UD.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unidade didáctica virá determinada pola ponderación das cualificacións das tarefas, traballos e exames.

Exame teórico un 80%

Traballo/exercicios/actividades un 20%.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco en cada undos apartados.

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción, quedando suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade.

NOTA: Non asistir a clase no día previsto para unha proba/exame dará lugar á cualificación de "non presentado". Para a realización da proba noutra data, a ausencia deberá estar debidamente xustificada, quedando a repetición da proba suxeita á decisión do equipo docente ou directivo.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Comunicaráselle ao alumando as actividades non superadas no módulo.

As probas escritas de coñecementos poderanse recuperar na avaliación final de xuño. Facilitaráselle o alumnado unhas pautas e unhas orientacións para que poida afrontar con garantías dita proba de recuperación. Se se tratase dun traballo, o alumnado poderá entregar de novo a actividade non superada antes da avaliación de xuño. No caso de ser entregada antes da avaliación parcial a cal dita actividade corresponde según a unidade didáctica marcada, dita actividade calificarase de novo e terase en conta para a superación de dita avaliación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que acade perda do dereito á avaliación continua (10% de inasistencia ao módulo de xeito inxustificado), soamente será avaliado a través dunha proba extraordinaria. Porén, poderá seguir acudindo as sesións propias do módulo.

Esta proba realizarase no mes de xuño e terá carácter teórico-práctico. Para superar dita proba o alumnado deberá acadar os criterios de avaliación mínimos esixidos na programación e obter unha puntuación igual ou superior ao 5 sobre 10. A cualificación será numérica, entre o 0 e o 10, e coincidirá (unha vez realizado o redondeo xa explicitado anteriormente) coa cualificación final do módulo.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un seguimento continuado da programación didáctica e a avaliación continua da práctica docente.

Dado o carácter formativo da avaliación, a programación do módulo será avaliada de xeito continuo, de forma que permita a súa modificación ao mesmo tempo que se leva á práctica. No momento que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo, comprobarase a eficacia e validez desta proposta curricular, propoñendo as medidas de mellora que repercutirán na mesma, así como na programación do vindeiro curso. Dito seguimento da programación realizarase vía online.

Para a avaliación da propia práctica docente utilizarase a observación da motivación do alumnado nas sesións de aula, establecerase unha canle comunicativa co alumnado onde poidan mostrar un feedback sobre as sesións, e incluso se poderá chegar a realizar unha enquisa anónima da propia práctica se se considerase preciso.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

#### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Proporanse actividades complementarias a realizar por aquel alumnado que teña dificultades para adquirir os obxectivos programados no módulo. Entre ditas actividades destacan lecturas sobre os diferentes contidos, análise de textos, reflexións persoais, ou o deseño de actividades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dentro do módulo traballarase a educación en valores, e en concreto contidos tales como:

- Uso das novas tecnoloxías: aula virtual, Abalar, etc.
- Educación ambiental e consumo responsable
- Promoción en igualdade de xenero
- Respeto á diversidade
- Solidaridade e cooperación

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo obradoiros formativos con profesionais recoñecidos do mundo da educación infantil, saídas e realización de traballos prácticos co alumnado do centro e aproveitando de xeito didáctico as celebracións e actividades de convivencia organizadas no Sei San Narciso.

Participarase nas actividades que xurdan no departamento de Servizos da escola infantil Dalila en colaboración con outros grupos, con apertura á proposta do alumnado de actuacións de interese.